

AS CONTRACCIÓNS

	o	a	os	as
a	ao	á	aos	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
en	no	na	nos	nas
por	polo	pola	polos	polas

1) Completa as frases coas contraccións que se indican.

- _____ (a + as) veces vou á casa _____ (de + os) meus tíos a xogar _____ (en + o) xardín.
- Onte _____ (por + a) rúa vin a un home xogando _____ (con + o) seu canciño.
- _____ (en + as) noites de verán xogo _____ (con + as) miñas primas _____ (a+ o) escondite.
- Os mércores _____ (por + as) tardes teño clases _____ (en + a) academia de inglés.
- _____ (en + os) días que chove quedamos _____ (en + o) recreo a ver unha peli _____ (con + o) noso profesor

2) Que palabras compoñen estas contraccións? Fíxate que os ARTIGOS INDETERMINADOS tamén forman contraccións.

Con + uns

En + as

Con + os

Con + a

Por + as

De + unha

Por + o

De + o

A + os

A + A

✓ Dunha: _____

✓ Coa: _____

✓ Polo: _____

✓ Do: _____

✓ Nas: _____

✓ Á: _____

✓ Polas: _____

✓ Cuns: _____

✓ Aos: _____

✓ Cos: _____